



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ENSANCHE E MELLORA DA LU-114 NA ENTORNA DO P.Q. 1+100

Termo municipal: LUGO

Clave: LU/19/160.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 8 de abril de 2021

Lugo, 22 de marzo de 2021.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 0743

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

EDICTO

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	4º-trimestre-2020	Taxa auga, lixo, sumidoiros, canon da auga Xunta de Galicia
O VICEDO	2º-semester-2020	Taxa subministro de auga, e canon da auga Xunta de Galicia
O PÁRAMO	4º-trimestre-2020	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
POL	4º-trimestre-2020	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 12 de marzo de 2021.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadación en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 25/03/2021 e finalizará o día 25/05/2021, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	4º-trimestre-2020	Taxa auga, lixo, sumidoiros, canon da auga Xunta de Galicia
O VICEDO	2º-semester-2020	Taxa subministro de auga, e canon da auga Xunta de Galicia
O PÁRAMO	4º-trimestre-2020	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
POL	4º-trimestre-2020	Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento.

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera oficina de ABANCA, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nesta entidade.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económica administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Lugo, 12 de marzo de 2021.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 0680

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

O Pleno desta Corporación Municipal, na sesión ordinaria de data 22 de marzo de 2021, acordou aprobar inicialmente a mutación demanial da planta alta do ben inmovible sito na parcela catastral 62, do polígono 154 no lugar de Tras do Castro - parroquia de Donalbai - pasando do uso actual como centro socio-cultural a ser destinado a uso residencial/vivenda. O expediente sométese a información pública polo prazo de 1 mes a efectos de exame e reclamacións, de conformidade co disposto no art. 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

No suposto de non formularse alegacións elevarase a definitivo o acordo inicialmente adoptado.

Begonte, 22 de marzo de 2021.- O ALCALDE-PRESIDENTE, José Ulla Rocha.

R. 0744

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTE 2225/2020

APROBACIÓN DEFINITIVA DE DEROGACIÓN DE ORDENANZA FISCAL

Aprobada inicialmente a derogación da Ordenanza Fiscal número 22 reguladora da taxa pola celebración de vodas civís por acordo do Pleno de data 29 de decembro de 2020, de conformidade co artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e visto que durante o período de exposición pública tras a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 12, do 16 de xaneiro de 2021, non se presentaron reclamacións, alegacións, reparos ou observacións, segundo acredítase mediante certificado do Secretario municipal 2021-0184, considérase aprobado definitivamente o referido acordo plenario.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Burela, 17 de marzo de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0745

Anuncio

EXPEDIENTE 2236/2020

APROBACIÓN DEFINITIVA DE DEROGACIÓN DE ORDENANZA FISCAL

Aprobada inicialmente a derogación da Ordenanza Fiscal número 13 Taxa por rodaxe e arrastre de vehículos que non se encontren gravados co imposto sobre vehículos de tracción mecánica por acordo do Pleno de data 29 de decembro de 2020, de conformidade co artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e visto que durante o período de exposición pública tras a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 12, do 16 de xaneiro de 2021, non se presentaron reclamacións, alegacións, reparos ou observacións, segundo acredítase mediante certificado do Secretario municipal 2021-0191, considérase aprobado definitivamente o referido acordo plenario.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Burela, 17 de marzo de 2021.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0746

Anuncio

Expte.- 2246/2020

Que o expediente de Modificación Ordenanza Fiscal nº 24 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, permaneceu exposto ao público por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP da provincia de Lugo nº 12 de 16/01/2021 sen que durante devandito prazo se haxa presentado alegación algunha.

Por iso, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, debe entenderse definitivamente adoptado o acordo plenario provisional de 29 de decembro de 2020 coa redacción que de seguido se transcribe:

ORDENANZA FISCAL Nº 24 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**Artigo 1º Fundamento**

O Concello de Burela de conformidade co número 2 do artigo 15, o apartado a) do número 1 do artigo 60 e os artigos 61 a 78 da Lei 39 /1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, facendo uso da facultade que lle confire a mesma, en orden á fixación dos elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias do imposto sobre bens inmobles, exacción que se rexerá ademais polo imposto na presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º Exencións.

En la aplicación do artigo 63.4 da Lei anteriormente citada, e en razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recadadora do tributo quedarán exentos de tributación no imposto os recibos e liquidacións correspondentes a bens inmobles:

Urbanos que a súa cota líquida sexa inferior a 3,00 €

Rústicos no caso de que, para suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6,00€

Artigo 3º Tipo de gravame e cota.

En aplicación do establecido no artigo 73 da tan repetida Lei, o tipo de gravame será para:

Bens inmobles urbanos: 0,40%

Bens inmobles rústicos: 0,55%

Bens inmobles de características especiais: 0,55%.

Artigo 4º Bonificacións.

En aplicación do artigo 74.1 da lei 39/1988, terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do Imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os Inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construcións e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior a terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

Para desfrutar da mencionada bonificación, os interesados deberán:

a) Acreditar a data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, mediante certificado do Técnico- Director competente das mesmas, visado polo Colexio Profesional, ou Licencia de obras expedida polo Concello.

b) Acreditar que a empresa se dedica a actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.

1. Acreditar que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade e non forma parte do inmovilizado, mediante copia da escritura pública ou alta catastral e certificación do administrador da sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT, a efectos do imposto sobre sociedades.

Se as obras de nova construción ou de rehabilitación integral afectan a diversos solares, na solicitude detallaranse as referencias catastrais dos diferentes solares.

En aplicación do artigo 74.2 da tan repetida Lei para solicita-la bonificación do 50% da cota, por tratarse de vivendas de Protección Oficial ou equiparables segundo as normas da Comunidade Autónoma, os interesados deberán aporta-la fotocopia da cédula de cualificación definitiva de V.P.O. o prazo de aplicación desta bonificación comprenderá os tres períodos impositivos seguintes ó de outorgamento da cualificación definitiva, que poderá efectuarse en calquera momento anterior á finalización dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra e, no seu caso, do cargo do imposto a que se refire o artigo 134 da presente Lei, os Bens Rústicos das Cooperativas

Agrarias e de Explotación Comunitaria da Terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

BONIFICACIÓNS:

“Conceder una bonificación do 90 por cento da cota íntegra do imposto de bens inmobles urbanos emprazados na Zona Portuaria de Burela, (no lugar que se indica no plano que se adxunta) dedicados a Industrias que se dediquen a actividades primarias do sector pesqueiro (extracción, maculación, conservación ou transformación dos recursos pesqueiros), sendo a tipoloxía da construción a de naves ou edificación para uso industrial ou

comercial, situadas dentro do solo cualificado como solo portuario, sendo a vixencia de tal bonificación a partir do 1º de xaneiro de 2006 e sucesivos, ata tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Para gozar da exacción anteriormente sinalada, debe acreditarse, por parte do suxeito pasivo, que tanto a tipoloxía da construción como o de uso do solo se axusta a tipoloxía do solo bonificable.

Unha vez recibida a documentación anterior polos servizos técnicos deste Concello, informárase sobre o cumprimento de tales extremos.

Correspondendo o acordo de bonificación ó Sr. Alcalde-Presidente ou á xunta de Goberno Local.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recursos contencioso-administrativo, ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, contados dende a data de publicación, sen prexuízo do exercicio de calquera outro recurso que estime oportuno.

Artigo 5º Data de aprobación e vixencia.

Esta ordenanza aprobada polo pleno en sesión celebrada o 21 de febreiro do 2003, surtirá efectos a partir do día 1 de xaneiro do 2003, e seguirá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Artigo 6º.- Normas de pagamento e extinción de débedas.

1.- O pagamento das débedas do tributo en período voluntario relativas ao padrón fiscal periódico ou de notificación colectiva será o establecido nos correspondentes anuncios de cobranza, que se fará público no BOP e no taboleiro de anuncios municipal. O seu prazo non será inferior a dous meses e preferentemente o calendario do contribuínte estará comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de xullo, coa indicación de que no caso de que as datas de inicio ou fin sexan coincidentes cun festivo, trasladaranse estas á data hábil inmediata seguinte.-

2.- Os pagamentos en efectivo que deban realizarse na caixa municipal, serano mediante ingreso nas contas restrinxidas de recadación de titularidade municipal nas entidades bancarias colaboradoras do concello, podendo ademais facerse mediante transferencia bancaria. O mandato da transferencia terá un importe igual ao da débeda e haberá de expresarse o/s números de liquidacións/s ou recibo/s. Os ingresos efectuados mediante transferencia entenderanse realizados na data en que tivese entrada o importe correspondente na entidade que, no seu caso, preste o servizo de caixa.-

3.- A domiciliación do Imposto sobre bens inmobles implicará como mínimo o seu fraccionamento en dous períodos.

A devolución do primeiro cargo por parte da entidade financeira implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ao pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o período voluntario de pagamento, perdendo a posibilidade do seu fraccionamento.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Burela, 17 de marzo de 2021. O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0747

O CORGO

Anuncio

CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE PAGO ÚNICO ANUAL PARA O FOMENTO DA NATALIDADE NO CONCELLO DO CORGO - ANO 2020

O Pleno do concello, na súa sesión do 20 de novembro de 2020, aprobou inicialmente a ordenanza pola que se regula a concesión de axudas económicas de pago único anual para o fomento da natalidade no Concello do Corgo. A citada ordenanza, estivo exposta ao público durante un prazo de 30 días, non producíndose durante este prazo ningunha reclamación. En consecuencia, a ordenanza queda aprobada definitivamente.

O alcalde, por Resolución da Alcaldía do 3 de marzo de 2021 **aprobou a convocatoria das citadas axudas para o ano 2020, é dicir, para os nacementos ou adopcións producidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.**

En consecuencia, faise público o texto íntegro da ordenanza que se transcribe de seguido, abríndose o **prazo de presentación de solicitudes, que será dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP):**

ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS ECONÓMICAS DE PAGO ÚNICO ANUAL PARA O FOMENTO DA NATALIDADE NO CONCELLO DO CORGO

1.- Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é o establecemento e regulación do réxime xurídico aplicable ao outorgamento da prestación económica en pago único polo nacemento ou adopción de fillos no seo de familias ou unidades de convivencia, con residencia habitual no termo municipal de O Corgo.

Así mesmo, regulará os beneficiarios, requisitos, procedemento de concesión e devolución, no seu caso.

2.- Competencia na materia.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e convivencia de Galicia, atribúe, no seu Art. 8, aos concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, a de promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da vecindade e, en todo caso, de conformidade co establecido na lexislación de réxime local e sectorial de servizos sociais, as competencias de: b) na execución de programas e proxectos destinados á atención á familia.

No capítulo IV do Título I desta Lei régulanse as políticas públicas como instrumento importante no fomento da natalidade mediante o apoio á maternidade.

3.-Aplicación orzamentaria.

De conformidade co establecido no Art. 23.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, a contía total das subvencións por nacemento de fillos ou adopción será a establecida polo concello anualmente no seu orzamento, con cargo á aplicación orzamentaria 231-480.

Excepcionalmente no suposto de que se esgotase o crédito e houberse nacementos ou adopcións, conforme ao disposto no Art. 58.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, poderase establecer unha contía adicional de crédito, cuxa aplicación á concesión de subvencións non requirirá de nova convocatoria. A efectividade desta contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito correspondente e previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda nun momento anterior á resolución da concesión de subvención.

4.- Beneficiarios.

Serán beneficiarios desta subvención os proxenitores -xa sexan casados, parellas de feito ou familias monoparentais- ou adoptantes, polo nacemento ou adopción de fillo ou fillos sempre que:

- a) Alomenos un dos proxenitores teña a súa residencia legal e habitual no Concello do Corgo un ano antes á data de nacemento ou da data da resolución da adopción.
- b) O fillo nado ou adoptado estea empadroado no padrón municipal do Concello do Corgo. Igual requisito esíxeselle ao proxenitor ou adoptante que non estivese empadroado.

Se algún dos proxenitores por motivos de traballo tivese que residir habitualmente noutro concello e non puidese empadroarse no padrón municipal do Corgo, e o seu domicilio distase da sede da casa do concello máis de sesenta quilómetros, deberá acreditarlo, aportando o certificado de empadroamento no municipio de residencia e o contrato laboral ou informe da empresa ou Administración pública, da relación de servizo que mantén con estos. Malia isto, necesariamente os nenos nados ou adoptados e un dos proxenitores deberán estar empadroados no Corgo.

- c) Adquiran o compromiso de continuar empadroados no Concello do Corgo como mínimo 1 ano desde a data da resolución da concesión da axuda.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados total ou parcialmente da patria potestade dos seus fillos ou cuxa tutela estivese asumida por unha institución pública.

- e) Os beneficiarios deberán atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias con Facenda do Estado, Facenda da Xunta, Seguridade Social e Concello do Corgo. Ademais, os proxenitores deberán estar ao día en calquera obriga tanto formal como material establecida para a prestación dos servizos municipais.

Naquelas situacións especiais que puideran plantearse e que non estiveran previstas nas presentes bases, serán resoltas polo alcalde ou concelleiro en quen delegue.

Os servizos municipais poderán requirir ao solicitante a documentación que sexa precisa para verificar a procedencia ou non da axuda.

5.- Contía da axuda.

A contía da axuda económica ascenderá a 800 € por cada neno nado ou adoptado, e farase efectiva nun pago único.

6.-Presentación de solicitudes e procedemento.

O prazo para a presentación de solicitudes determinarase a través da correspondente convocatoria que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A solicitude, dirixida ao alcalde do concello, presentarase no rexistro do concello, na sede electrónica (concellocorgo.sedelectronica.gal) ou por calquera dos medios establecidos no Art. 16.4 e 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante LPAC), conforme ao modelo oficial que figura no anexo I destas bases, achegando a documentación que se relaciona de seguido:

- Certificado de inscrición do nacemento, expedido polo Rexistro Civil correspondente ao nacemento.
- Fotocopia do libro de familia e DNI dos solicitantes da axuda, compulsados.
- Copia compulsada da resolución xudicial, no caso de adopcións.
- No seu caso, convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio.
- Declaración responsable dos proxenitores ou adoptantes, no que se indique que:

a) Cumpren os requisitos destas bases.

b) Declaración das subvencións, axudas ou ingresos pola mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou entes públicos.

c) Comprométense a continuar empadroados no Concello do Corgo como mínimo un ano desde a data da resolución da concesión da axuda.

- Certificado bancario dun número de conta a nome do beneficiario.

- No caso de que proceda, segundo o indicado no parágrafo 2º da letra b) do artigo 4º, o contrato laboral ou informe nel referidos e o certificado de empadramento no municipio de residencia.

- Certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios coa Facenda do Estado, da Xunta e coa Seguridade Social.

O concello comprobará, de oficio, no que corresponda ao cumprimento das obrigas formais e materiais cos servizos municipais.

O concello comprobará, de oficio, a inscrición no padrón municipal dos requisitos esixidos no artigo 4º referentes ao empadramento.

A presentación da solicitude supón a aceptación incondicional das bases e a subvención outorgarase por estricte orde de presentación ata que se esgote o crédito indicado, sen prexuízo que por modificación de créditos poida ampliarse para a mesma finalidade o consignado inicialmente.

O prazo máximo de duración para a resolución do procedemento será de 3 meses desde a entrada da solicitude no rexistro do concello. En caso de non ditarse resolución expresa entenderase denegada por silencio.

Rexistrada a solicitude, os servizos municipais comprobarán a documentación esixida. Se faltase algún documento ou este fora incorrecto, requiríraselle ao solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da notificación, achegue os que faltan ou emende os incorrectos, co apercibemento de que se así non o fixese, teráselle por desistido previa resolución ditada ao efecto, arquivando o expediente de conformidade co establecido no Art. 68 da LPAC.

7.- Instrución e resolución

A instrución do procedemento realizarase polos servizos municipais que designe o alcalde, na que constarán os pertinentes informes.

O procedemento resolverase por acordo ditado polo alcalde do concello. Este acordo notificarase aos solicitantes de conformidade co establecido no artigo 40 da LPAC.

A prestación económica poderá ser denegada polos seguintes motivos:

a) Non cumprir os requisitos establecidos na ordenanza para a concesión da axuda, entre os que se atopan as obrigas formais e materiais esixidas para os servizos municipais.

b) Estar esgotado o crédito orzamentario habilitado na partida para esta finalidade, agás que, de conformidade co derradeiro parágrafo do artigo 3 desta ordenanza, se modifique aquel.

Contra a resolución, que porá fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, (LPAC), ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

8.- Incumprimentos e reintegros.

De conformidade co establecido no Art 37 da Lei Xeral de Subvencións, iniciarase o procedemento de reintegro de subvencións xunto cos xuros de demora, nos seguintes supostos:

- Ausencia dos requisitos para obter a subvención.
- Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención.
- Falta de adecuación coa finalidade para a que a subvención foi concedida.

As cantidades a reintegrar teñen a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para a cobranza o previsto na Lei Xeral Orzamentaria.

9.- Compatibilidade das axudas.

As presentes axudas serán compatibles con calquera outra establecida polas Administracións Públicas ou calquera dos seus organismos, agás que na normativa reguladora destas se estableza o contrario.

10.- Deberes dos beneficiarios.

A presentación de solicitude polos beneficiarios supón a aceptación incondicional das bases.

Os beneficiarios quedan obrigados a comunicar ao Concello calquera circunstancia que modifique os requisitos para obter a subvención. Os beneficiarios están obrigados a reintegrar a axuda concedida cando se incumplan os requisitos para a súa concesión establecidos nas presentes bases.

11.- Responsabilidades.

Calquera falsedade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda, ou no seu caso de ter percibida xa a mesma, á devolución cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puideran esixir.

12.- Réxime xurídico.

